

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO			ACTIVIDADES		UNIDADE 2
NOME		APELIDOS		CURSO	

1. Realiza as actividades que se indican sobre cada un dos documentos seleccionados da unidade 2:

Documento 1. A DECLARACIÓN DE INDEPENDENCIA (páxina 34):

Doc. 1 A Declaración de Independencia.

Sostemos [...] que todos os homes son creados iguais; que son dotados polo seu Creador de certos dereitos inalienables, entre os cales están a vida, a liberdade e a procura da felicidade; que para garantir estes dereitos se institúen entre os homes os Gobernos, que derivan os seus poderes lexítimos do consentimento dos gobernados; que sempre que unha forma de goberno se faga destrutora destes principios, o pobo ten o dereito a reformala ou a abolila [...]. Cando unha longa serie de abusos e usurpacións, dirixida invariablemente ao mesmo obxectivo, demostra o desingnio de someter o pobo a un despotismo absoluto, ten o dereito, ten o deber, de derrocar ese goberno [...]. Tal foi o paciente sufrimento destas colonias; [...] Polo tanto, os representantes dos Estados Unidos de América [...] facemos público e declaramos: Que estas Colonias Unidas son, e deben selo por dereito, Estados libres e independentes [...] e que toda vinculación política entre elas e o Estado da Gran Bretaña queda [...] totalmente disolta [...].

Filadelfia, 1776

ACTIVIDADES A REALIZAR

Explica nunha frase (con suxeito, verbo e predicado) o tema que trata o documento
Escolle unha cita textual (de cómo mínimo cinco palabras) que destacarías de entre o contido do documento e escribea (entre aspas)
Escribe unha pregunta que lle realizarías ao documento e que poida contestarse co contido do mesmo
Indica cunha frase (con suxeito, verbo e predicado) o tema que debes desenvolver para explicar o contexto histórico do documento

1. Realiza as actividades que se indican sobre cada un dos documentos seleccionados da unidade 2:

Documento 2. AS TRECE COLONIAS DE AMÉRICA DO NORTE (páxina 34):



ACTIVIDADES A REALIZAR

Explica nunha frase (con suxeito, verbo e predicado) o tema que trata o documento
Describe un detalle que destacarías de entre o contido do documento
Escribe unha pregunta que lle realizarías ao documento e que poida contestarse co contido do mesmo
Indica cunha frase (con suxeito, verbo e predicado) o tema que debes desenvolver para explicar o contexto histórico do documento

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO
ACTIVIDADES
UNIDADE 2

NOME		APELIDOS		CURSO	
------	--	----------	--	-------	--

Documento 10. A DECLARACIÓN DE DEREITOS DE 1789 (páxina 16):

ACTIVIDADES A REALIZAR

Explica nunha frase (con suxeito, verbo e predicado) o tema que trata o documento
Escolle unha cita textual (de cómo mínimo cinco palabras) que destacarías de entre o contido do documento e escribea (entre aspas)
Escribe unha pregunta que lle realizarías ao documento e que poida contestarse co contido do mesmo
Indica cunha frase (con suxeito, verbo e predicado) o tema que debes desenvolver para explicar o contexto histórico do documento

Doc. 10 A Declaración de Dereitos de 1789.

1. Os homes nacen e permanecen libres e iguais en dereitos. [...]
2. O obxecto de toda asociación política é a conservación dos dereitos naturais e imprescritibles do home. Estes dereitos son a liberdade, a seguridade, a propiedade e a resistencia á opresión.
3. O principio de toda soberanía reside esencialmente na nación [...].
4. A liberdade consiste en poder facer todo o que non dane un terceiro [...]. Estes límites non poden ser determinados máis que pola lei. [...]
6. A lei é a expresión da vontade xeral. [...] A lei debe ser idéntica para todos [...].
7. Ningún home pode ser acusado, arrestado nin detido, se non é nos casos determinados pola lei [...].
9. Todo home ha de ser tido por inocente ata que sexa declarado culpable [...].
10. Ninguén debe ser molestado polas súas opinións, incluso relixiosas [...].
11. A libre comunicación dos pensamentos e das opinións é un dos máis preciosos dereitos do home.

Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán,
26 de agosto de 1789

Documento 14. ESIXENCIAS DOS SANS-CULOTTES (páxina 41):

Doc. 14 Esixencias dos sans-culottes.

Pero proscribistes a especulación? Non. Pronunciastes a pena de morte contra os acaparadores? Non. Determinastes en que consiste a liberdade de comercio? Non. [...]

Pois ben, nós dicímosvos que non fixestes todo canto debedes para o benestar do pobo. A igualdade non é senón un van fantasma cando o rico, polo monopolio, exerce o dereito de vida e morte sobre o seu semellante. A República non é máis ca un van fantasma cando a contrarrevolución actúa día a día grazas ao prezo das mercadorías, ás que tres cuartas partes dos cidadáns non poden chegar sen verter bágoas. Lexislade unha vez máis. Os esfarrapados e as súas picas farán que se executen os vosos decretos.

JACQUES ROUX na Convención, 1793

ACTIVIDADES A REALIZAR

Explica nunha frase (con suxeito, verbo e predicado) o tema que trata o documento

Escolle unha cita textual (de como mínimo cinco palabras) que destacarías de entre o contido do documento e escríbea (entre aspas)

Escrebe unha pregunta que lle realizarías ao documento e que poida contestarse co contido do mesmo

Indica cunha frase (con suxeito, verbo e predicado) o tema que debes desenvolver para explicar o contexto histórico do documento

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO
ACTIVIDADES
UNIDADE 2

NOME		APELIDOS		CURSO	
------	--	----------	--	-------	--

Documento 15. O TERROR (páxina 42):
ACTIVIDADES A REALIZAR

Cita un detalle que apareza no contido do texto e que creas que deberías mencionar de xeito imprescindible no comentario

DETALLE	UNHA RAZÓN POLA QUE O MENCIONARÍAS

Cita unha palabra que apareza no texto e que consideras moi representativa dentro do contido do texto

PALABRA	UNHA RAZÓN POLA QUE A MENCIONARÍAS

Cita un acontecemento histórico concreto, correspondente á unidade que estamos estudando, que teña unha relación moi directa co contido do documento

ACONTECEMENTO HISTÓRICO	UNHA RAZÓN POLA QUE O MENCIONARÍAS

Cita un detalle do contexto histórico no que se encadra o documento e que cres que deberías mencionar dun xeito imprescindible no comentario

DETALLE	UNHA RAZÓN POLA QUE O MENCIONARÍAS

Doc. 15 O Terror.

Se a forza do goberno popular na paz é a virtude, a forza do goberno popular na revolución é á vez a virtude e o terror; a virtude é impotente. O terror non é outra cousa que a xustiza, rápida, severa, inflexible. É, pois, un resultado da virtude, é menos un principio especial ca unha consecuencia do principio xeral da democracia aplicada ás necesidades máis urxentes da patria.

M. ROBESPIERRE, *Informe sobre os principios de moral pública*, 5 de febreiro de 1794

Documento 21. A EUROPA DO CONGRESO DE VIENA (páxina 46):

Doc. 21 A Europa do Congreso de Viena.



ACTIVIDADES A REALIZAR

Cita un detalle que apareza no contido do mapa e que creas que deberías mencionar de xeito imprescindible no comentario	
DETALLE	UNHA RAZÓN POLA QUE O MENCIONARÍAS
Cita un elemento (territorio, Estado, fronteira, cambio territorial...) que apareza no mapa e que consideras moi representativa dentro do contido do texto	
ELEMENTO	UNHA RAZÓN POLA QUE A MENCIONARÍAS
Cita un acontecemento histórico concreto , correspondente á unidade que estamos estudando, que teña unha relación moi directa co contido do documento	
ACONTECEMENTO HISTÓRICO	UNHA RAZÓN POLA QUE O MENCIONARÍAS
Cita un detalle do contexto histórico no que se encadra o documento e que cres que deberías mencionar dun xeito imprescindible no comentario	
DETALLE	UNHA RAZÓN POLA QUE O MENCIONARÍAS


HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

ACTIVIDADES

UNIDADE 2

NOME		APELIDOS		CURSO	
------	--	----------	--	-------	--

Documento 28. A UNIFICACIÓN ITALIANA (páxina 52):



ACTIVIDADES A REALIZAR

Cita **un detalle** que apareza no contido do mapa e que creas que deberías mencionar de xeito imprescindible no comentario

DETALLE	UNHA RAZÓN POLA QUE O MENCIONARÍAS

Cita **un elemento (territorio, Estado, fronteira, cambio territorial...)** que apareza no mapa e que consideras moi representativa dentro do contido do texto

ELEMENTO	UNHA RAZÓN POLA QUE A MENCIONARÍAS

Cita **un acontecemento histórico concreto**, correspondente á unidade que estamos estudando, que teña unha relación moi directa co contido do documento

ACONTECEMENTO HISTÓRICO	UNHA RAZÓN POLA QUE O MENCIONARÍAS

Cita **un detalle** do contexto histórico no que se encadra o documento e que cres que deberías mencionar dun xeito imprescindible no comentario

DETALLE	UNHA RAZÓN POLA QUE O MENCIONARÍAS

Documento 32. A INDEPENDENCIA DAS COLONIAS ESPAÑOLAS E PORTUGUESAS EN AMÉRICA (páxina 55):

ACTIVIDADES A REALIZAR

Cita un detalle que apareza no contido do mapa e que creas que deberías mencionar de xeito imprescindible no comentario	
DETALLE	UNHA RAZÓN POLA QUE O MENCIONARÍAS
Cita un elemento (territorio, Estado, fronteira, cambio territorial...) que apareza no mapa e que consideras moi representativa dentro do contido do texto	
ELEMENTO	UNHA RAZÓN POLA QUE A MENCIONARÍAS
Cita un acontecemento histórico concreto , correspondente á unidade que estamos estudando, que teña unha relación moi directa co contido do documento	
ACONTECEMENTO HISTÓRICO	UNHA RAZÓN POLA QUE O MENCIONARÍAS
Cita un detalle do contexto histórico no que se encadra o documento e que cres que deberías mencionar dun xeito imprescindible no comentario	
DETALLE	UNHA RAZÓN POLA QUE O MENCIONARÍAS

